

## VI. ANUNCIOS

### B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DO PORRIÑO

*ANUNCIO referente á convocatoria e ás bases de estabilización do emprego temporal para prover varias prazas (OEP de 2022).*

No Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 245, do 26 de decembro de 2022, publicáronse integralmente as bases que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal, recollidas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do exercicio 2022, polo sistema de concurso, aprobada pola Resolución da Alcaldía número 2022-1107, do 11 de maio, publicada no DOG número 100, do 25 de maio, que a seguir se relacionan:

Prazas de persoal funcionario:

Denominación/código RPT	Grupo	Escala	Subescala	Sistema selectivo
Oficial/a administrativo/a 01.01.00.03	C2	Administración xeral	Auxiliar	Concurso
Oficial/a administrativo/a 01.03.00.04	C2	Administración xeral	Auxiliar	Concurso
Oficial/a administrativo/a 01.03.00.05	C2	Administración xeral	Auxiliar	Concurso

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios deste proceso selectivo, cando procedan, realizaranse na forma prevista nas propias bases.

O Porriño, 26 de xaneiro de 2023

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  
Alcalde

